AULA DE PATRIMONIO

Programa pedagóxico para escolares

CURSO ACADÉMICO 2018-2019

25 ANIVERSARIO

Ciudades Patrimonio de la Humanidad
ESPAÑA | UNESCO

PRESENTACIÓN

O programa AULA DE PATRIMONIO aspira a que o alumnado que vive e estuda nas Cidades Patrimonio aprenda a coñecer e valorar non só a súa propia cidade, mais o resto de cidades que ostentan o mesmo título outorgado pola UNESCO e que forman o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España: **Alcalá de Henares**, **Ávila**, **Baeza**, **Cáceres**, **Córdoba**, **Cuenca**, **Ibiza/Eivissa**, **Mérida**, **Salamanca**, **San Cristóbal de la Laguna**, **Santiago de Compostela**, **Segovia**, **Tarragona**, **Toledo** e **Úbeda**.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

❊ Facilitar o coñecemento das 15 Cidades Patrimonio da Humanidade de España por parte dos escolares participantes.

❊ Concienciar os escolares da importancia de viviren nunha Cidade Patrimonio da Humanidade.

❊ Poñer en valor o traballo que, xuntas, desenvolven as 15 cidades en rede por medio do Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

❊ Fomentar entre os escolares unha actitude de cidadanía activa, mediante o coñecemento e goce do patrimonio urbano das cidades e dar pulo a experiencias didácticas que fomenten o emprego das cidades coma recurso educativo.

DESTINATARIOS

❊ Grupos de escolares de centros de ensinanza do **5º y 6º de Educación Primaria** de centros públicos e concertados das cidades que forman o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

PARTICIPACIÓN

❊ Os centros interesados en participaren deben de se apuntar antes do 15 de marzo de 2019 (incluído) no formulario que encontrarán na páxina web do Grupo **www.ciudadespatrimonio.org** e anexar en formato dixital o seu traballo.

❊ Os traballos deberán de se focalizar nas boas prácticas sobre conservación e divulgación do Patrimonio Mundial de calquera das 15 Cidades Patrimonio da Humanidade de España (como cren que deben de se coidar e protexer e como darían a coñecer os bens Patrimonio Mundial).

❊ O formato do traballo será libre e valorarase a orixinalidade da proposta.

❊ Cando se inscriban no programa, os centros deberán de elixir a cidade que queren visitar no caso de que saian seleccionados.

❊ O número de alumnos participantes por centro seleccionado estará limitado ao grupo/clase (30 alumnos de media).

XURADO

❊ Despois de que se peche o prazo de recepción dos traballos, cada cidade ha seleccionar un gañador local de entre todas as propostas enviadas polos seus centros.

❊ Posteriormente, a Comisión de Educación e Cultura do Grupo ha seleccionar un único gañador absoluto estatal de entre os gañadores locais das 15 cidades. A sentenza publicarase nunha nota de prensa e nas redes sociais do Grupo antes do 1 de maio.

PREMIOS

❊ Cada un dos centros seleccionados polas cidades para optar ao premio estatal obterá, a modo de premio, un vale por valor de 1000 euros, IVA incluído, que poderá trocar por material tecnolóxico.

❊ O centro gañador do certame estatal recibirá como premio unha viaxe para os alumnos da clase autora do traballo a unha das 15 Cidades Patrimonio da Humanidade.

❊ A viaxe (tres días e dúas noites) do centro gañador realizarase entre semana e durante o último trimestre do curso escolar. Os gastos da viaxe do grupo (transporte, aloxamento e mantemento) á cidade seleccionada serán costeados polo Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España. A clase irá acompañada por un máximo de tres mestres do centro.

Alcalá de Henares
Ávila
Baeza
Cáceres
Córdoba
Cuenca
Ibiza/Eivissa
Mérida
Salamanca
San Cristóbal de La Laguna
Santiago de Compostela
Segovia
Tarragona
Toledo
Úbeda

25 ANIVERSARIO
Ciudades Patrimonio de la Humanidad
ESPAÑA | UNESCO

Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura
Patrimonio Mundial en España

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE

www.ciudadespatrimonio.org
www.spainheritagecities.com